

Sen Iker Casillas pero con tres futbolistas nos 5 primeiros CONTINÚA O REINADO DE CRISTIANO

Por Eva María Campos



1. Cristiano Ronaldo – 161 puntos.

Vén de fracasar no pasado Mundial de Sudáfrica, onde pasou pouco menos que desapercibido e dando moito menos de si do que se agardaba del. No Real Madrid ofreceu destellos da súa grandeza futbolística, pero tampouco gañou ningún título, o que para el é un fracaso. A pesar de todo, continúa no máis alto da nosa lista de deportistas favoritos e, ademais, cunha vantaxe escandalosa sobre os demais. Se unha cousa podemos dicir con rotundidade de Cristiano Ronaldo é que non resulta indiferente; algúns admíranlo claramente, outros rexéitanlo con igual claridade: pode ser o heroe ou o "villano" do mesmo xeito. Sexa como sexa, é un dos grandes futbolistas do momento, cun gran tiro a porta, un bo remate de cabeza, un caneo elegante... É un dos grandes do fútbol e aló onde vaia levanta paixóns. Tal vez non gañe títulos, pero a súa popularidade é indiscutible.



2. Fernando Torres – 53 puntos.

Outro futbolista ocupa tamén o segundo posto da nosa lista, posto que tamén ocupaba no pasado número de Xornalouro. Tampouco tivo sorte este ano Fernando Torres, que no Liverpool estivo lesionado bastante tempo e no Mundial non brillou como fixera na pasada Eurocopa. Pero, a pesar de todo, segue sendo un dos grandes, e por iso segue nos postos máis altos.



3. Rafa Nadal – 40 puntos.

Nadal ascendeu un posto na nosa lista respecto ó Número 30 de Xornalouro. Nesta subida pesa, seguramente, que recuperara a Número 1 do tenis mundial, despois de pasar polo sufrimento continuo das lesións na pasada temporada. Rafa Nadal mantense no máis alto nos circuitos tenísticos e tamén na lista dos mellores deportistas de Xornalouro.



4. Fernando Alonso – 38 puntos.

O noso piloto de Fórmula 1 por excelencia baixara na nosa lista no pasado número de Xornalouro, desaparecendo dos cinco primeiros, pero agora volve estar nos postos altos, debido, como é lóxico, á súa mellora na competición, posto que en Ferrari, a pesar dalgún que outro fallo, está dando un maior rendemento que cando estaba na escudería Renault.



5. Leo Messi – 35 puntos.

E por fin outro futbolista, o mellor do mundo na actualidade, o dianteiro miúdo e rápido dos caneos imposibles e dos goles artísticos. Aínda que na Selección Argentina non rende todo o que se agarda del, no Fútbol Club Barcelona é a estrela, asinando partidos memorables e goles de bandeira. Ano a ano, Messi non fai máis que agrandar a súa lenda.

6. Iker Casillas.
7. Kaká.
8. Dani Pedrosa.
9. Almudena Cid.
10. Xavi Hernández.
11. David Villa.
12. Andrés Iniesta.

13. Valentino Rossi.
14. Pau Gasol.
15. Raúl González.
16. Pepe.
17. Cristina Trigo.
18. Iker Muniaín.
19. Ricky Rubio.

É importante axudar en momentos de perigo CURSIÑO DE PRIMEIROS AUXILIOS



Por Álex Rivera.

Na 2ª Avaliación os alumnos do noso Instituto recibiron un pequeno curso de Soporte Vital Básico, é dicir, un curso de primeiros auxilios. Este curso foi impartido por Yolanda, a nosa profesora de Educación Física nas súas horas de clase, como unha nova actividade, entre outras que se fan na súa materia. Este curso utilizouse para avaliar pero tamén para obter un diploma de SVP. Foi unha actividade que nos gustou en xeral e coa cal o pasamos moi ben. Ademais, foi unha actividade útil, posto que moitas veces nos vemos na situación de ter que axudar a alguén ferido e non sabemos moi ben como facelo. Agora, se nos vemos na situación de atopar alguén que necesite primeiros auxilios quizás nós poidamos axudarlle.


< Jessica, Fabián e Pablo practicando no cursiño.

En Xaneiro, Coruña; en Abril, Foz

VIAXAMOS PARA FACER PATINAXE



Unha das grandes afeccións dos rapaces do noso Instituto é, sen dúbida, a patinaxe. Aproveitando esta afección organizamos dúas viaxes "patinadoras": o 26 de Xaneiro fomos a Coruña, a patinar sobre xeo, e o 22 de Abril fomos a Foz, aínda que nesta ocasión patinamos sobre unha pista plástica. Na primeira viaxe facía máis frío, loxicamente, e, ademais, aproveitamos para visitar tamén a Casa das Ciencias. Aquí tedes tres probas das nosas viaxes. Á esquerda vemos a Lorena, Selene e Ana sobre a pista plástica de Foz (só foran os alumnos do 1º Ciclo). Abaixo vemos, en primeiro lugar, a Carmela, Nerea e Raúl practicando coas pompas de xabón, e en segundo lugar a Irea, Mónica, Patricia e Diego deslizando suavemente sobre a pista de xeo (o certo é que algúns non se deslizaron tan suavemente e tamén houbo quen non usou precisamente os pés para deslizarse).



O deporte supón vida saudable

ORGANIZAMOS CAMPIONATOS DEPORTIVOS

Por **Álex Rivera**.

Esta última avaliación os alumnos de 4º estiveron a facer uns campionatos deportivos nos cales participaron diversos alumnos de todos os cursos. Esta actividade foi proposta pola profesora de Educación Física e tamén a utilizou para avaliar os alumnos de 4º. Os deportes a escoller eran: fútbol, ping pong, bádminton e tute (cartas). Durante todos estes recreos realizaron diversas roldas, até que, finalmente, saía un gañador. No caso de ping pong e do bádminton tamén se realizaron partidos por parellas, ademais dos individuais. Todos os participantes nestes campionatos obtiveron un ou máis positivos a hora de avaliar.

Por outra banda, tamén o día anterior ás vacacións de Semana Santa organizamos, como é habitual, varias competicións deportivas, nas que os alumnos debían demostrar as súas habilidades. Facer exercicio e competir deportivamente son unhas das mellores maneiras de manterse en forma e conservar a saúde.



Foto dun dos campionatos de fin de curso: o de tute. No noso instituto hai unha gran afección a este xogo de cartas. Vemos, entre outros, a Juan Cortiñas, a Jose Geada, a Ángel Valea... no máis emocionante da partida. Quen gañaría?